

Ur Apalategi

O irmán, a filla e a nai do escritor. Reflexión sobor do tabú fundacional na literatura vasca.

Cada vez estou máis convencido de que a tradición literaria nace, se desenrola, avella e morre, e que, polo tanto, a metáfora antropomórfica é a máis axeitada para explicala súa traxectoria. Sabido é, que o ser humano adoita selo froito do desexo e o amor: nai, pai, fillo. Fórmase un triángulo psicoanalítico e a oposición fundacional que ven intimamente amarrada: o incesto, principalmente o materno. En palabras que o navegante James Cook nos trouxo dende as illas, o tabú é o que non se pode tocar. Poderás desexala túa nai –a desexarás–, pero sin tocala. Do contrario, non chegarás á madurez, non serás (Freud), non haberá xeito de construíla sociedade (Lévis-Strauss).

Pero, ¿quen é quen nesta metáfora psicoanalítica pola que nos decidimos para explicala evolución da literatura? ¿Quen o pai, quen a nai, quen o fillo? Imaxinémonos no século XVI, xusto no intre en que Europa empeza a dividirse en nacións. Un crego-poeta, de nome Beñat Etxepare, convoca ós señores e nobres da zona para construír un fermoso casarío. Ese casarío é o euskara, ou sexa, o que nos fai euskaldunas, a lingua que é esencia de nacionalidade. Ninguén respostará á chamada do crego-poeta ata finais do século XIX, cando un cabaleiro político, Sabino Arana, coloca a primeira pedra no casarío. Engadamos, de paso, que o burgués fundador do nacionalismo vasco, para reforzala súa fe política, casou cunha caseira analfabeta que só falaba euskara. Polo tanto, a nación vasca nace cando o político deixa preñada ó euskara... ¡respostando así á chamada do poeta-crego impotente! Dito de outro xeito, a literatura e a política vasca son dous irmáns que construírán o casarío de nome nación vasca na terra chamada euskara, o primeiro erotiza a terra cas súas palabras, mentras que o segundo, excitado polas palabras do primeiro, a fertilizaco seu poder fálico. Polo que se ve, non estamos tan lonxe do mito de Cyrano de Bergerac, e é á literatura a quen lle corresponde cumprir co papel de Cyrano.

De cando esa literatura nacional (falo, por suposto, da época conceptual que describín), ben pode ocorrer, e ocorre a miúdo, que o escritor e o político sexan fisicamente o mesmo. En Euskal Herria, por exemplo, resulta significativo que os tres primeiros teóricos do nacionalismo ou protonacionalismo –Larramendi, Chaho e Arana– aparezan sempre en toda historia que se faga da literatura vasca.

A partires de ahí, ocorre algo curioso. Se a inconfesable cobiza do escritor é entrar no panteón nacional, moito máis difícil lle resultará, se cabe, confesar que el é un dos fundadores desa nación. Sería como erguelo templo e querer converterse no seu deus. A pura verdade (porque ese é o desexo inconfesable de todo escritor), pero completamente inconfesable. Polo tanto, eses dous irmáns non terán máis que ocultala orixe real desa nación. Para iso escriben, tanto un como o outro, a lenda ou o mito nacional. Nese mito, logo dun xiro abraiante, a pesar de que o euskara sexa a filla da nai-terra que os dous irmáns fecundaron, a nación vasca convírtese, de súpeto, na súa nai. A nai perfecta, a nai idealizada, a nai limpa orixe de todo. A nai autoriza tódalas súas pretensións –no caso do escritor, como xa dixemos, entrar no panteón, e no caso do político, gañar poder–. E vemos ós dous fillos convertidos en fillos leais e auténticos da nova nai, cada quen máis formal e ortodoxo ideoloxicamente. É a nenez da literatura. E tamén aquí, o escritor mailo político son, moitas veces, un: o grande poeta Lizardi foi secretario do “Gipuzkoa Buru Batzar”, o modernista Lauaxeta, entre outras cousas, formou os novos militantes do EAJ/PNV, etc. Estes escritores son os nenos lindos que buscan a afección da nai Euskal Herria, vestidos de domingo (garabata incluída), cas tarefas do

modernismo ben feitas, murmurando case sempre a mesma oración *euskaldun fededun*(1) (aínda que non o crean, como no caso de Lauxeta).

Co paso dos anos, á literatura e á política medroulles unha fina barba e empezan a ver con novos ollos á nai Euskal Herria, máis concretamente, con ollos ferventes de desexo. Chegamos ó tempo da fachenda, a xuventude. Aqueles que ata agora vivían encollidos de mans, empezan a se enfrontar. O político tenta atraela atención sobor da nación, e o escritor non ten gañas de quedar atrasado nesa loita incestuosa. O franquismo entra na súa fase final e a esperanza de troco desacouga as hormonas dos púberes. Deste tempo son as heterodoxias dos escritores vascos. O nacionalismo do EAJ/PNV resulta calmo de máis, e das plumas de Mirande, Krutwig, Txillardegui, entre outros, xorde o nacionalismo máis fervente, máis tolo, máis valente, máis plural, máis radical. Ese derradeiro intento inconsciente para seducila nai. O adolescente tenta de chamala atención peiteándose de xeito máis extravagante, enche o seu cuarto con pósteres dos máis raros, e adobia o seu vocabulario con blasfemias. El será, como non, quen mellor entende e defende a súa nai Euskal Herria, moito mellor, polo menos, que seu morno irmán político demócrata-cristián. A adolescencia é un tempo de euforia, sen dúbida, e o escritor vasco camiña como peixe na auga sumerxido na loita contra o franquismo, ledos, ca forza que lle da saberse vangarda do *abertzalismo*(2). O irmán político terá que recoñecer que necesita do escritor, do poeta, do cantautor, quere que os seus mítines lle reporten algún éxito. Semella que a nación ve no escritor o seu fillo predilecto.

Pero é entón cando chega o intre máis dramático desta historia. Cando cae o franquismo e se pon en marcha a transición democrática, a nai Euskal Herria lle da as costas o seu fillo escritor e decide deixar sobor do político a propiedade e titoría do casarío, aínda que o fillo escritor sexa primoxénito. O político profesionalízase, monopoliza o discurso nacionalista, valéndose da lexitimidade que lle outorgan as urnas e, pouco a pouco, deixará de invitar ós seus mítines ó cantautor, ó seu irmán escritor. Polo que se ve, consideran que para manterse no poder recén gañado, ven sendo máis efectivo un anuncio na televisión que a canción dun poeta. O casarío ten un dono nada máis, e ó escritor só lle queda unha posibilidade: ou ficar no casarío servindo ó seu irmán, ou marchar da casa.

Varios escritores deciden quedarse na casa, e se afunden nunha resistencia fungosa contra o seu irmán político, ata converterse nuns solteiróns incorrexibles. Outros, co nervio e a inconsciencia que otorga a xuventude, se afastan do casarío e buscan a súa propia autonomía. Pero non ó xeito de Unamuno, que considera estéril a terra vasca, négase a construír o casarío, e busca terras máis productivas. Non, para estes xóvenes escritores o casarío xa está construído, ademáis, apropiouse del o seu irmán, e segue a ser obxecto de desexo. Pero hai quen inventa algunha vía indirecta para poder entrar no panteón nacional, porque non hai quen entre pola porta principal dende que o irmán político lle puxera novas pechaduras. E o que podemos tildar de xeración da emancipación tentará o asalto ó casarío dun xeito inusitado ata aquel intre: *creando unha literatura en euskara non nacionalista* e facendo da *cuestión literaria* o seu único obxectivo. E deste xeito paradóxico consegue esa xeración de escritores entrar no panteón nacional, implantando o tabú do nacionalismo no territorio literario. Un paradoxo á primeira vista, pero comprensible dende a lóxica psicoanalítica. Se a literatura tentaba alcanzala madurez, se pretendía ser, pola forza tiña que asentalo tabú do incesto materno.

Lévi-Straus di que as prohibicións non veñen das características propias do prohibido, se non do lugar que ocupan nun sistema de expresión. Dito doutro xeito, as prohibicións non son se non recursos para expresala significación. Por iso, non hay que entendela

denegación do nacionalismo que practica a literatura vasca madurecida respecto o seu valor intrínseco, se non como acción que serve para expresar unha significación: para expresala propiedade literaria compre rexeitalo nacionalismo. Rexeitalo nacionalismo é un sinal da esencia literaria, a súa principal insignia. Pero, e aquí radica o paradoxo, a esencia literaria é, por riba de todo, un agasallo da nación, o maior agasallo que un fillo pode ofrecer á súa nai, igual que casar con outra muller e ser feliz. Porque, a fin de contas, e esta é a verdade profunda e o tabú que todo escritor se agocha a si mesmo, a orixe da nación é a literatura. Polo tanto, non nos debería estrañar que Bernardo Atxaga, quen sempre se presentou como “non nacionalista”, se convirta no buque insignia da literatura nacional. Como di o novelista Saizarbitoria, o escritor está ó mesmo tempo en contra e a prol da patria. Esa duplicidade empurra a literatura á madurez.

Queda inaugurado o tabú fundacional, e a literatura vasca inténase na idade postnacionalista, na etapa do consumo. É agora cando presenta a muller escritora, e colle o relevo do irmán trágico, que quedou desangrado trala loita anterior con Edipo, con absoluta naturalidade. A literatura vasca ten, sobre todo, lectoras, e se ben as escritoras non son as únicas que gozan do éxito, si podemos decir que os escritores feminizaron a súa escritura para acollerse á nova situación. No casarío nacional segue o irmán político, e as irmás escritoras aceptaron que nese camiño cara o panteón, deberán vivir nunha especie de exilio, nos arredores. Foi a irmá escritora quen mellor asumiu esa cualidade periférica e buscou, mercou e decorou un pequeno apartamento onde pode vivir ela e o seu irmán. A actualidade da literatura vasca é feminina. O irmán mal parado agás sae do apartamento. De cando en vez, lembra tempos heroicos dabusca da súa propia autonomía, e escribe un novelón, a xeito de ruxido de vello león, que nos recorda como se puxo o tabú en vixencia, e esa novela chamarase *Hamaika Pauso*, ou *Gizona bere bakardadean*.

Chegados a este punto, poderíamos dar esta historia por rematada, pero resta outro capítulo. Porque, unha vez chegada a madurez, rachado xa o cordón umbilical, ¿a quen pode acudir o escritor? O bo sería, claro, casar ca universalidade, que é, sen dúbida, o arma máis segura para lograr esa esencia literaria. Pero o problema é que nas literaturas minoritarias no hai xeito de atopar unha unión directa ca universalidade, porque a universalidade só entende inglés, francés, español, e cinco idiomas máis. O escritor nunha literatura minoritaria necesita un intermediario, ou sexa, a traducción. Porque neste mundo están as linguas universais... e as outras. O escritor dunha nación pequena, se pretende casar ca universalidade, ten que ser traducido a calqueira desas grande linguas pola forza. E, por suposto, isto quere decir que a cotío se lle paga unha deuda á tradición literaria dese idioma. Porque o máis interesado adoita selo escritor bilingüe dunha pequena (é decir, coñece ese idioma, ten a capacidade de escribir nese idioma – ¡ai que tentación!–) e el adoita traducila propia obra. Aquí nos atopamos co caso de Atxaga, quen confesou que andaba buscando motivos para seguir escribindo en euskara, vendo que lle resulta máis sinxelo moverse polo mundo castelán, e que a acollida dese lector castelán é moito máis quente. É o que pasa cando o fillo é ben tratado na casa potente da nora, que empeza a deixarse ver menos pola casa materna, Pero estes pequenos asuntos domésticos están máis aló do problema do tabú fundacional, só son problemillas decote entre familiares adultos.

1 Vasco crente.

2 Nacionalista vasco.

Traducido do vasco por Iratxe Retolaza.

